

Nada alleo

Indo de Grouchos

 DORINDA CASTRO SOLIÑO

Homo sum; humani nihil a me alienum puto” (son humano; nada do humano me é alleo). Permítanme a licenza de comezar estas verbas co verso de Terencio que consideramos tan acaído á persoa e a obra dun dos mellores e máis prolíficos representantes da literatura e xornalismo actual, aquén e alén das nosas fronteiras: Manuel Rivas, ou tamén a Manuel O’ Rivas, do que xa non cabe presentación, pois a súa obra é a máis celebrada, premiada e agardada polos lectores galegos (mesmo para algúns, en castelán).

Por iso nós agora celebramos que a editorial Xerais dese ao prelo a súa obra *Os Grouchos*, un volume que recolle na súa maior parte os artigos de opinión que Rivas leva escrito cada venres na edición galega do xornal *El País* e cuxo título xungue nunha soa palabra a referencia ao humor, ao maior dos irmáns Marx e á expresión “ir de grouchos” sinónima de ir de tabernas ou ir de viños.

Morde Manuel O’Rivas contra a estupidez, contra a autodestrución, contra a autofaxia, contra todos aqueles e aquelas que, tendo unha lingua de seu e unha cultura propia para achegar ao resto das culturas do mundo, no canto de estar orgullosos de si, andan a poñer atrancos apelando a unha mal entendida liberdade.

Morde Rivas conta

a destrución da paisaxe, as barbaridades urbanísticas, o feísmo, as desfeitas irremediáveis, “eternas” das que é un exemplo significativo o salto do Xallas, explotado por unha empresa hidroeléctrica que ten a c o n c e -

sión a perpetuidade!.

Morde contra os que se declaran conservadores e non deixan nada que conservar, contra o arrepiante dato de que ocupemos o penúltimo lugar no índice de lectura, número ben feo, por certo, que nin ten o mérito de ser o último.

Morde contra as inxustizas e contra a falta de recoñecemento do país para todos aqueles e aquelas que, polo seu labor, ben merecerían trato de honra, contra o silencio, contra quen calou e permitiu por exemplo, o inicio das obras do Gaiás, construción faraónica dunha “Cidade da Cultura”, que vai precisar 40.000! enchufes invisibles.

Morde contra a amargura dos destructores. E faino Rivas, sen cólera, sen fastío porque contra todos eles queda aínda un país que sabe renacer das cinzas, queda aínda o sentido do humor, a retranca, a poesía, o contentamento, porque aínda hai quen (como lle sucedeu ao autor en Carballo), ofrece cambiar unha fouce por un libro.

E nada humano, desde esta Galicia esquinada é alleo á pluma nin ao sentimento de Manuel Rivas . Porque podemos ocupar un espazo tendo como porto de partida a nós mesmos. Porque nada do humano nos é alleo. Por dignidade.



O’RIVAS, Manuel, Os Grouchos, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 292 páxinas.